

O BARCO DE VALDEORRAS

ANUNCIO

Ao non se produciren reclamacións contra o acordo de aprobación inicial do Regulamento de funcionamento da Praza de Abastos do Barco de Valdeorras, enténdese elevado a definitivo, polo que, de conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, das bases de réxime local, publícase o texto íntegro do citado regulamento.

O Barco de Valdeorras, 29 de setembro de 2000. O alcalde

REGULAMENTO DA PRAZA DE ABASTOS DO BARCO DE VALDEORRAS

Capítulo I

Disposicións Xerais

Artigo 1.- O Concello do Barco de Valdeorras ten atribuídas competencias en materia de mercados segundo o establecido nos artigos 25.2.g) e 26.1b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 80.2.g) e 81.b) da Lei 10/1997 da administración local de Galicia, e de comercio de acordo coa Lei 10/1988, de ordenación do comercio interior de Galicia, a Lei orgánica 2/1996, de comercio e a Lei 7/1996 de ordenación do comercio minorista.

Artigo 2.

1.- Corresponde o obxecto do presente regulamento a normalización da actividade comercial que se desenvolva no recinto da Praza de Abastos de propiedade municipal, así como nas zonas contiguas a ela que sirvan de complemento deste servizo público, incluídos os lugares destinados á venda directa polos agricultores e gandeiros dos seus produtos e á venda de produtos non alimenticios en postos fixos ou casetas exteriores da Praza de Abastos.

2.- A actuación de vendedores ambulantes con vehículos ou postos móbiles ou desmontábeis, ou de calquera outro tipo que teñan carácter non permanente e situados fóra das casetas ou postos, fixos ou non, da Praza de Abastos estará suxeita ao disposto da Ordenanza de venda ambulante deste Concello.

Artigo 3.- O edificio e os espazos engadidos da Praza de Abastos de propiedade municipal son bens de dominio público destinados ao servizo público de mercado e en consecuencia son inalienábeis, inembargábeis e imprescritíbeis.

A Praza de Abastos e os seus engadidos poden xestionalos de forma directa os propios servizos municipais ou de forma indirecta mediante a concesión ou outras formas previstas conxunta ou separadamente.

Artigo 4.- A Praza de Abastos está constituída no seu conxunto polos postos e as instalacións ou dependencias auxiliares.

Artigo 5.- Os postos de venda e espazos destinados a vendedores e servizos clasificaranse en:

- a) Fixos.
- b) Eventuais.

Artigo 6.- Son postos de artigos fixos, os situados dentro do recinto da Praza de Abastos, unidos a ela de xeito permanente, e destinados á venda polo miúdo de alimentos e produtos alimenticios, ou calquera outro produto ou servizo.

Artigo 7.- Son postos eventuais os que polo seu carácter casual, circunstancial ou de oportunidade instalen en mesas de quita e pon, bancadas, instalacións e camións-tenda acondicionados nos espazos da Praza de Abastos, que se crea conveniente sinalar ben no interior ou nas zonas periféricas.

Artigo 8.- O comercio na Praza de Abastos exercerano os titulares dos postos, trala concesión que os faculte para prestar o seu servizo mediante o uso especial dos ditos bens de dominio público.

Artigo 9.- No interior na Praza de Abastos prohíbese a venda ambulante e calquera outra actividade comercial que non sexa a propia dos postos.

Artigo 10.- As exaccións municipais por aproveitamento de servizos e usos dos postos e instalacións na Praza de Abastos regularanse pola correspondente ordenanza fiscal.

Artigo 11.

1.- Os produtos alimenticios que entren na Praza de Abastos, quedarán afectos ao abastecemento da poboación, e non poderán ser revendidos a outros minoristas nin destinados a aplicacións industriais.

2.- Para a entrada na Praza de Abastos destes produtos poderáselles requirir aos entradores o documento-declaración acreditativo da propiedade, a súa orixe ou o lugar de adquisición, unidades e peso e aqueloutros datos que se consideren axeitados.

3.- Os vendedores terán á vista a existencia dos artigos que expenden, sen que poidan apartar, seleccionar ou ocultar parte deles, e poderá ordenar a Corporación, de seu ou a través do delegado do servizo, que sexan postos á venda incluso os que se atopen depositados nas cámaras frigoríficas.

Artigo 12.- Na Praza de Abastos, e baixo a custodia do conserxe, existirá un libro de reclamacións, para que o público poida detallar expresamente as que se motiven.

Artigo 13.

1.- Os horarios de apertura e peche da Praza de Abastos serán establecidos por un decreto da Alcaldía, con polo menos 15 días de antelación, de acordo coa normativa xeral que regule o comercio minorista e os mercados municipais e trala consulta coas asociacións de comerciantes da Praza de Abastos e o concesionario destas, de ser o caso.

2.- Os vendedores poderán entrar e saír da Praza unha hora antes ou despois das sinaladas para abriren ou pecharen os seus postos e prepararen ou retiraren as súas mercadorías, así como nas horas destinadas á carga ou á descarga.

Capítulo II

Da xestión da Praza de Abastos

Artigo 14.

1. O uso e o aproveitamento das casetas ou dos postos fixos da Praza de Abastos, en canto implican un uso privativo, estarán suxeitas á concesión administrativa.
2. O obxecto da concesión é o dereito a ocupar de modo privativo e con carácter exclusivo un dos postos fixos da Praza de Abastos, coa obriga e a finalidade de destinala á venda polo miúdo de artigos para a que estivese clasificada.

Artigo 15.- O alcalde, tralo informe non vinculante da Comisión de Sanidade, determinará o número, a modalidade, a situación e as dimensións dos postos fixos da Praza de Abastos, mediante un decreto que conterá un plano debidamente numerado.

Artigo 16.

1.- A forma de adxudicación será por concurso á oferta máis vantaxosa, de conformidade co establecido na Lei de contratos das administracións públicas, a Lei reguladora das bases de réxime local e a Lei de administración local de Galicia, partindo do mínimo da ordenanza fiscal.

2.- Exceptúase da obriga de acudir ao concurso os actuais adxudicatarios de postos da Praza de Abastos, quen terán dereito ao uso e o aproveitamento dun de características axeitadas, para o seu destino á mesma actividade.

3.- A concesión outorgarase por un prazo determinado, que non poderá superar os 50 anos. Se a concesión se outorga por un tempo inferior a 50 anos poderá ser prorrogada por acordo da Xunta de Goberno, á solicitude do concesionario, até completar o dito prazo. A solicitude de prórroga será feita polo concesionario cunha antelación mínima dun mes antes da súa caducidade.

4.- Os postos fixos que queden vacantes serán sometidos a licitación pública no prazo máximo dun ano.

Artigo 17.

1.- A concesión de ocupación de cada un dos postos outórgalle ao seu titular o dereito ao uso e o aproveitamento do respectivo posto, en orde á venda de xéneros ou artigos da clase previamente subliñada, a hora da realización do concurso, sen que poida variarse a industria ou o comercio que se exerza nel de acordo coa concesión outorgada, salvo autorización expresa do Concello.

2.- Unicamente poderá autorizarse o cambio da actividade a que están destinados os postos de venda, nos seguintes casos:

- a) Aqueles postos dos que a súa adxudicación quedase deserta despois de realizar a licitación para a súa execución.
- b) Cando o titular dun posto adquirise o uso do contiguo ao que tiña antes da nova adxudicación e desexe dedicar a totalidade do espazo resultante da fusión á actividade que orixinariamente viña desenvolvendo.
- c) Cando a actividade á que se pretenda dedicar o posto non exista na Praza de Abastos ou se existe estea subrepresentada, e o considere de interese comercial o alcalde.

3.- Os cambios de actividade deberán solicitarse por escrito ao alcalde, o que antes de ditar a resolución motivada que corresponda, deberá solicitar un informe do encargado da Praza de Abastos e da Comisión de Sanidade, así como publicar un anuncio da solicitude no taboleiro de anuncios do Concello e da Praza de Abastos, e concederese, dende entón, un prazo de dez días para formular alegacións. Unha vez transcorridos tres meses dende a formulación da correspondente solicitude de cambio de actividade sen que recaese unha resolución expresa, considerarase concedida a autorización solicitada.

Artigo 18.

1.- Os concesionarios veñen obrigados a rexentar persoalmente o respectivo posto.

2.- Ningunha persoa poderá ser titular de máis dun posto ou caseta.

Artigo 19.

1.- Até seis meses antes de rematar o período de vixencia da concesión, os concesionarios das casetas ou postos fixos poderán traspasar os seus dereitos trala autorización da Xunta de Goberno e os pagamentos dos dereitos para tal fin establecidos na correspondente ordenanza fiscal e polo tempo que reste para rematar o prazo de concesión, sempre que o novo titular reúna as condicións esixidas aos concesionarios, preste as garantías esixidas e rexente persoalmente o posto. Na súa solicitude ao Concello, o concesionario cedente deberá facer constar o importe da transmisión prevista. A falta dunha resolución expresa no prazo de dous meses producirá o outorgamento da autorización solicitada.

2.- De todos os xeitos, o disposto no parágrafo anterior a Corporación poderá exercer o dereito de tento no prazo de dous meses dende a solicitude de traspaso do concesionario.

Artigo 20.

1.- No caso de falecemento do titular da concesión, esta tramitarase a quen resulte ser herdeiro ou legatario do titular da concesión. De terse transmitido o posto "mortis causa" e "pro indiviso" a dúas ou máis persoas, estas, no prazo de tres meses, deberán de comunicarlle ao Concello quen, de entre elas, sucederá na titularidade da concesión. Ao non facelo no indicado prazo, declararase caducada a concesión.

2.- Ao non haber unha disposición testamentaria o posto transmitirase a favor do cónxuxe, dos fillos, dos netos, dos pais ou dos irmáns do titular, por esta orde. Dentro do mesmo grao daráselle preferencia ao que xustifique a súa colaboración co titular no posto, durante os tres anos anteriores ao falecemento deste e, de non habelo, ao que de común acordo, mediante un documento outorgado para o efecto coas sinaturas lexitimadas, designen aqueles no prazo de tres meses. A falta de acordo no citado prazo ou se non existe ningún dos parentes indicados, declararase caducada a concesión.

Artigo 21.

1.- No caso de xubilación do titular da concesión, este solicitaralle ao Concello o traspaso dos seus dereitos a favor do seu cónxuxe, dos fillos e dos netos, sen que poida o Concello exercer o dereito de tento previsto no parágrafo 2 do artigo 19 deste Regulamento, polo tempo que reste da concesión.

Artigo 22.

1.- Os postos utilizaranos precisamente os titulares da concesión, quen poderán ser auxiliados polo persoal subordinado cumprindo o disposto ao respecto pola lexislación laboral. Caso de enfermidade ou por unha causa xustificada poderá atendelo outra persoa trala autorización do Concello.

2.- En todo caso, o persoal asalariado ou que se empregue no posto deberá serlle comunicado ao Concello coa debida antelación.

3.- De non cumprírense os requisitos subliñados nos dous números precedentes, presumirase o posto ou o local ocupado por persoas distintas ao titular e que foi cedido ou subarrendado, o que, salvo proba en contrario, determinará a caducidade da licenza e declararase vacante o posto.

Artigo 23.- Prohíbese a actuación na Praza de Abastos de calquera persoa que padeza unha enfermidade infecciosa ou contaxiosa, e, con este fin, poderá ser requirido o oportuno recoñecemento.

Esixirase o carné de manipulador de alimentos expedido polo organismo sanitario competente da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co establecido no

Regulamento de manipuladores de alimentos aprobado polo RD 2505/1983, do 4 de agosto.

Artigo 24.- Os titulares da concesión de ocupación de postos serán responsábeis das infraccións a este regulamento, cometidas polas persoas que están ao seu servizo.

Artigo 25.- Os titulares de postos exercerán a súa actividade ininterrompidamente durante as horas de servizo ao público da Praza de Abastos.

Artigo 26.

1.- Declararase vacante todo posto que non se ocupe por un espazo de dous meses consecutivos sen xustificar, salvo que se teña a autorización municipal para isto por unha causa xustificada.

2.- non interromperá o prazo establecido no apartado anterior a apertura do posto ou do local durante un ou varios días para o efecto de simular unha aparencia de venda ao público, estimándose que existe simulación cando a cantidade e a clase de artigos postos á venda non corresponda ao que poida considerarse como unha actividade normal do posto.

Artigo 27.- A conservación e a reparación dos postos correrá a cargo dos seus titulares, e quedarán a beneficio do Concello os melloramentos que neles se realicen.

Capítulo III

Dos postos eventuais

Artigo 28.

1.- Os postos eventuais autorízaos o Concello, ben con carácter mensual ou ben con carácter anual, e a autorización será persoal e intransferíbel e nela indicárase: o número e o lugar da situación do posto, a data e o horario en que se poderán efectuar as operacións de venda, así como os produtos autorizados.

Unha vez vencido o prazo da concesión, deberá solicitarse unha nova autorización.

2.- Os postos eventuais que queden vacantes autorízaranse diariamente e bastará para a súa concesión que se inste verbalmente ante o encargado da Praza de Abastos.

3.- Unha mesma persoa non poderá ser titular de máis dunha autorización para ocupar postos eventuais ou situados, salvo que queden dispoñíbeis e non sexan solicitados por outros interesados.

Artigo 29.- Estas autorizacións de postos eventuais teñen carácter discrecional, por conseguinte poderán ser revogadas polo Concello cando o considere (sen que isto supoña dereito a indemnización ou compensación ningunha), especialmente por motivos de: sanidade e seguridade, tráfico, traslado da praza, desaparición das circunstancias que o motivaron ou calquera outro motivo de interese público.

Artigo 30.

1.- Os postos eventuais non poderán instalarse até o mesmo día e hora a que se refira a autorización.

2.- Unha vez chegada a hora do peche da Praza de Abastos, os postos eventuais quedarán totalmente desocupados e limpos.

Capítulo IV

Caducidade da concesión

Artigo 31.

1.- Sen prexuízo do disposto noutros preceptos deste regulamento, a concesión de ocupación de postos extinguirase por:

- a) Remate do prazo da concesión.
- b) Supresión ou traslado da Praza de Abastos.
- c) Renuncia abdicativa do titular.
- d) Declaración de quebra do titular, proclamada por unha resolución xudicial firme.
- e) Morte do titular, salvo o establecido no art. 20 deste regulamento.
- f) Subarrendo, ou cesión do posto.
- g) Peche ou desocupación do posto polo espazo de dous meses, de conformidade co artigo 26-1º deste regulamento.
- h) Sanción que leve consigo a extinción da concesión.
- i) Falta de pagamento ou da tarifa da concesión, polo prazo de tres mensualidades, e poderá o Concello ampliar o prazo por unha causa xustificada.

2.- No suposto da supresión da Praza de Abastos aboaráselle a cada concesionario dun posto, en concepto de danos e perdas, a parte proporcional correspondente aos anos que resten da concesión, e tomarase como base a cantidade aboada polo titular do posto na licitación e no suposto de traslado da Praza de Abastos, farase a entrega a cada titular do posto dun similar no nova praza, polo tempo que reste da concesión. Non se producirá indemnización ningunha no caso de forza maior ou fortuíta.

Artigo 32.- Unha vez caducada a licenza de ocupación, calquera que fose a causa, o titular deixará libre, baleiro e nas debidas condicións o posto á disposición do Concello, quen noutro caso, acordará e executará de seu o lanzamento na vía administrativa.

Artigo 33.- A autorización para a instalación de postos eventuais cancelarase:

- a) Pola non ocupación do espazo autorizado por espazo dun mes consecutivo, salvo que o vendedor concesionario fora dispensado polo Concello, atendidas as razóns e circunstancias especiais, que serán discrecionalmente apreciadas polo Concello.
- b) Por ocupar o vendedor concesionario un espazo distinto ao sinalado polo Concello na autorización.
- c) Por non satisfacer puntualmente o vendedor concesionario a taxa municipal correspondente á autorización.

Capítulo V

Obrigas dos titulares dos postos

Artigo 34.- Os titulares dos postos asumirán as seguintes obrigas:

- a) Permanecer á fronte do posto que lle foi adxudicado.
- b) Manter en perfecto estado de conservación, aseo e limpeza os seus respectivos postos, obras e instalacións, e a parte do corredor de servizos lindeira co posto.
- c) Abrir e pechar o posto puntualmente, segundo o horario establecido.
- d) Satisfacer puntualmente os impostos, arbitrios, contribucións, taxas, canons e demais gravames que recaian sobre o exercicio da actividade, a ocupación do posto, os servizos que utilicen e os aproveitamentos de que sexa susceptíbel a Praza de Abastos ou as súas instalacións.
- e) Responder dos danos que o titular, os seus familiares ou dependentes causasen no posto, nas instalacións ou no edificio da Praza.
- f) Empregar instrumentos de pesar e de medir axustados aos modelos autorizados, e poderá o Concello, a través do persoal ao seu cargo, verificar a exactitude destes instrumentos, todo isto sen prexuízo das funcións de inspección que teñan encomendadas outras administracións públicas.
- g) Ter á vista os produtos que comercialice sen que poidan ocultar, apartar ou seleccionar unha parte das existencias deles, salvo que pola súa cantidade ou pola forma de disposición non poidan ser colocados á vista.

- h) Declarar os datos que solicite a dirección da Praza de Abastos para os efectos estatísticos de información e control dos prezos e cantos outros poidan ser requiridos.
- i) Acatar e cumprir as ordes e instrucións que para o bo funcionamento da Praza de Abastos reciban do Concello, do concelleiro delegado ou do persoal municipal encargado da Praza.
- l) Acatar e cumprir as medidas sanitarias recibidas do inspector veterinario da Praza.

Artigo 35.- Serán por conta do titular de cada posto, o custo da iluminación, enerxía eléctrica, teléfono, auga, refrixeración e demais servizos que instale, utilice ou consuma nel.

Artigo 36.

1.- A conservación, entretemento e limpeza do edificio, dos patios e instalacións de uso ou servizo, así como a vixilancia da Praza, dos postos e dependencias e a asistencia técnica da maquinaria e as instalacións do servizo común, serán obrigas que asumirá o Concello, que os poderá realizar directamente ou a través doutras fórmulas que estime axeitadas.

2.- O custo destas prestacións distribuirase entre os titulares dos postos, regulándose a súa exacción mediante a respectiva ordenanza fiscal.

Artigo 37.

1.- A limpeza interior dos respectivos postos e instalacións adscritas a cada un deles será responsabilidade dos seus titulares.

2.- Así mesmo recollerán as varreduras, os refugallos, os residuos e os obxectos inservíbeis que resulten das súas operacións, en recipientes hermeticamente pechados que depositarán ou verterán no lugar que se indique.

3.- Prohíbese colocar calquera clase de vultos nas zonas de uso común.

Artigo 38.

1.- Os vendedores deberán vestir correctamente e aseadamente a indumentaria axeitada.

2.- Atenderán os compradores coa debida amabilidade e deferencia, sen permitir que o público apalpe os artigos da venda. Empregarán bos modais nas súas relacións entre si, co público e cos representantes e funcionarios da Praza.

3.- Exhibirán á Inspección Veterinaria de Abastos e aos funcionarios municipais da praza, cantos artigos teñan para a venda, incluído os depositados nas cámaras, armario ou vitrinas frigoríficas, sen que poidan opoñerse ao seu recoñecemento nin á súa inutilización, caso de que sexan declarados tralo ditame da inspección sanitaria, nocivos para a saúde pública.

4.- Terán exposto ao público un taboleiro con prezos de todos os xéneros que expendan e, ademais, colocarán sobre as mercadorías bandeiriñas ou carteis en que se consigne o prezo por quilo, ducia ou unidade, e a clasificación do artigo.

Artigo 39.- Quédalles prohibido aos titulares dos postos e aos seus dependentes:

- a) As vendas por xunto.
- b) Pregoar a natureza e o prezo das mercadorías e chamar os compradores.
- c) Estacionarse fóra dos postos que ocupan, obstruíndo o tránsito e expender as mercadorías fóra dos respectivos postos.
- d) Realizar obras e instalacións nos postos sen a previa autorización municipal.

- e) Cambiar a clase dos artigos de venda á que se destinase o posto, salvo que o Concello o autorizase expresamente por aconsellalo as circunstancias da praza.
- f) Envolver os alimentos en papeis usados, impresos ou calquera outro que poida representar un perigo para a saúde ou non cumpra co disposto sobre o formato, o tamaño ou o peso.
- g) Manter no posto sacos, caixas, envases ou utensilios baleiros ou pouco limpos ou que lles afecten ás condicións hixiénico-sanitarias do lugar.

Artigo 40.- A descarga das mercadorías realizarase dentro do horario fixado no decreto da Alcaldía que regule os horarios de apertura e peche da Praza, e que debe sinalar as horas, distintas das de atención do público, en que poidan efectuarse aquelas operacións.

Artigo 41.- Os transportistas serán responsábeis dos danos que causen con motivo do transporte e a descarga das mercadorías.

Capítulo VI

Obras, instalacións e servizos

Artigo 42.- Cantas obras e instalacións se realicen nos postos de artigos alimenticios e nos especiais existentes, requirirán o permiso previo do Concello, quen poderá impoñer a clase e a calidade dos materiais de construción, as características estéticas, os modelos ou os tipos dos sistemas de ventilación, acondicionamento do aire, instalacións frigoríficas e cantas outras condicións considere axeitadas.

Artigo 43.

1.- As obras e instalacións realizadas que queden unidas de modo permanente ao chan, ás paredes e demais elementos integrantes do inmóbel da Praza de Abastos pasarán a propiedade municipal.

2.- Entenderase que tales obras e instalacións están unidas de modo permanente cando non poden separarse do piso, das paredes ou elementos sen creba ou deterioro destes.

Artigo 44.

1.- Será obrigatorio, e por conta dos concesionarios dos postos, a execución das obras de adaptación dos seus respectivos postos aos modelos sinalados ou que determine o Concello, así como calquera instalación que se tivese que realizar neles.

2.- O titular da concesión que pretenda realizar obras ou instalacións nos postos presentará o proxecto destas no Concello e, tralo informe dos servizos técnicos municipais, o Concello resolverá sobre a autorización ou indicará as modificacións que se introducirán.

3.- Se o concesionario non solicita a autorización para a realización das obras, é causa de caducidade da concesión e, en consecuencia, declararase vacante o posto.

Artigo 45.

1.- Os titulares dos postos consentirán forzosamente a execución de obras de interese común ou necesarias para o funcionamento dos servizos que acorde o Concello, sen dereito a reclamación ou indemnización.

2.- Se a consecuencia destas obras se impidise o exercicio da actividade do titular, o canon ou tarefa de ocupación do posto diminuirá proporcionalmente á perturbación causada, e o Concello determinará a contía exacta desta diminución.

Capítulo VII

Organización administrativa

Artigo 46.- O réxime de funcionamento de todos os servizos da Praza de Abastos estarán baixo a inmediata responsabilidade dun empregado municipal, nomeado polo Concello a quen, co título de conserxe, lle corresponde:

- a) Vixiar o cumprimento do disposto no presente regulamento e nas instrucións que reciba da Alcaldía ou do concelleiro delegado, a quen comunicará todas as incidencias que se produzan no exercicio da súa función.
- b) Vixiar pola boa orde, policía e limpeza da praza e o adecuado uso dos seus servizos e instalacións.
- c) A apertura e o pecha da Praza de Abastos.
- d) Procurar pola conservación e entretemento do edificio e as súas instalacións, proponendo as medidas que considere máis adecuadas para o mellor funcionamento da praza.
- e) Atender as queixas e as reclamacións do público e dos usuarios dos postos e transmitirllas á autoridade municipal competente.
- f) Notificarlles aos titulares dos postos as comunicacións do Concello que directamente lles afecte.
- g) Prestar a súa colaboración á inspección sanitaria e aos demais servizos municipais para o cumprimento dos seus respectivos cometidos.
- h) Levar un libro diario de incidencias do servizo.
- i) Asumir cantas outras funcións e misións lle sexan encomendadas polo Concello ou polo concelleiro delegado do servizo.

Capítulo VIII

Inspección sanitaria

Artigo 47.- O control hixiénico das instalacións e das dependencias da Praza de Abastos, así como a inspección sanitaria dos artigos alimenticios que se expidan nela, corresponderalle ao inspector veterinario ou ao facultativo designado pola administración autonómica.

Artigo 48.- No exercicio da súa función o inspector sanitario contará coa colaboración do persoal ao servizo do Concello, adscrito á Praza de Abastos, co que este quedará subordinado a aquel para a realización dos servizos para os que fora requirido.

Capítulo IX

Infraccións e sancións

Artigo 49.- Os titulares dos postos estarán suxeitos a responsabilidade administrativa polas infraccións ás disposicións deste regulamento, así como aos acordos e instrucións municipais, que sexan cometidas por eles, os seus familiares ou dependentes que presten servizo no posto, con independencia da responsabilidade civil ou penal en que poidan incurrir.

Artigo 50.- Serán consideradas faltas leves:

- a) As discusións ou altercados que non produzan escándalo.
- b) A negligencia respecto ao aseo e limpeza das persoas, dos postos e dos útiles que empreguen.
- c) O pechamento non autorizado do posto, sen unha causa xustificada, de 1 a 15 días.
- d) Depositar lixo nos lugares e horarios distintos aos habilitados para o efecto.

- e) Calquera infracción deste regulamento non cualificada como grave ou moi grave.

Artigo 51.- Considéranse faltas graves:

- a) A reiteración de calquera falta leve da mesma natureza dentro dun ano.
- b) A comisión da terceira falta leve nun ano.
- c) A defraudación na cantidade e na calidade das mercadorías vendidas.
- d) O reiterado incumprimento das obrigas sanitarias.
- e) A modificación da estrutura ou das instalacións dos postos sen a debida autorización.
- f) O pechamento non autorizado, sen xustificación, entre 15 días e 2 meses.
- g) O desacato ostensíbel das disposicións dimanadas da autoridade municipal.
- h) A falta de pagamento dos dereitos correspondentes nos prazos estabelecidos.
- i) Non ter en lugar visíbel os prezos dos artigos postos á venda.
- l) Vender artigos distintos aos autorizados.
- m) Non estar en posesión do carné de manipulador de alimentos, se segundo a lexislación vixente así for esixíbel.
- n) Vender sen licenza municipal ou fóra dos lugares asignados para o efecto.

Artigo 52.- Serán faltas moi graves:

- a) A reiteración de faltas graves de calquera natureza dentro do ano.
- b) O abandono do posto durante máis de 2 meses.
- c) O traspaso non autorizado da concesión.

Artigo 53.

1.- Para as faltas leves aplicaranse as seguintes sancións:

- a) Apercibimento.
- b) Multa de 5.000 a 25.000 pesetas.

2.- Para as faltas graves aplicarase a sanción de multa de 25.001 a 100.000 pesetas.

3.- Para as faltas moi graves aplicaranse as seguintes sancións:

- a) Multa de 100.001 a 500.000 pesetas.
- b) Rescate da concesión sen dereito a indemnización.

Artigo 54.

1.- O exercicio da potestade sancionadora correspóndelle ao alcalde e exerceraa mediante o procedemento establecido no regulamento aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

2.- Na imposición das sancións deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada, e consideraranse especialmente os seguintes criterios para a graduación da sanción que se aplicará:

- a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- b) A natureza dos prexuízos causados.
- c) A reincidencia, por comisión no termo de 1 ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por unha resolución firme.

Capítulo X

Reclamacións e recursos

Artigo 55.

1.- Contra as instrucións do encargado da Praza de Abastos poderase formular a reclamación diante do alcalde.

2.- As resolucións do alcalde que lle poñan fin ao procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse o correspondente recurso potestativo de reposición ou un recurso contencioso-administrativo.

Disposición derradeira

O presente regulamento, que consta de 55 artigos e 1 disposición derradeira, entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello do Barco de Valdeorras e un mes despois da súa publicación íntegra no *Boletín Oficial da Provincia*.

R. 12.112